



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

TOURO

Convocatoria selección de persoal laboral temporal, mediante concurso, dun/ha traballador/a social a xornada completa durante 2 meses

ANUNCIO

Por Decreto da Alcaldía n.º 273/2023 do 3 de outubro, aprobáronse as bases para a provisión en réxime laboral temporal de duración determinada por circunstancias da produción para a contratación de un/ha traballador/a social.

Ábrese un prazo de 5 días hábiles para que as persoas interesadas en optar ao posto podan achegar a documentación necesaria para optar aos postos.

O decreto da convocatoria di:

EXPEDIENTE: 2023/E002/000007 SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL, MEDIANTE CONCURSO, DUN/HA TRABALLADOR/A SOCIAL. Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (plan único concellos). "POS+2023".

DECRETO DE ALCALDÍA

O Concello de Touro presentou a súa solicitude de Pos+Adicional 1/2023, para os apartados A), B), C) e H), nas seguintes condicións:

A) Reforzo - ampliación de persoal técnico e/ou administrativo adscrito aos servizos sociais do concello, co fin de apoiar aos equipos actuais e/ou facilitar a tramitación urxente das prestacións obxecto deste plan e axilizar a atención social profesional necesaria en situacións de risco para persoas vulnerables.

B) Ampliación e dotación das partidas municipais destinadas a axudas de emerxencia ás persoas soas ou familias en risco de exclusión social.

C) Ampliar o servizo de axuda a domicilio en todas as súas modalidades, e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa, como rehabilitación, perruqueiría, podoloxía, comedor sobre rodas, etc.

F) Outras medidas sociais de carácter extraordinario que os servizos sociais das entidades locais consideren imprescindibles e urxentes para atender ás persoas especialmente vulnerables, e sexan debidamente xustificadas.

H) Axudas económicas para os gastos de consumo enerxético ás persoas consumidoras vulnerables.

Para a tramitación urxente das prestacións obxecto deste plan considérase necesario o reforzo de persoal de servizos sociais, que garanta unha xestión áxil das prestacións previstas, sobre todo, para os trámites relacionados co apartado h): axudas económicas para os gastos de consumo enerxético ás persoas consumidoras vulnerables, para o que se espera unha alta demanda por parte da poboación deste concello.

Posto que, a xestión das ditas prestacións requirirán dun informe técnico, considérase idóneo o perfil do/a traballador/a social como persoal a contratar.

A referida solicitude foi obxecto de concesión pola Deputación Provincial de A Coruña.

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E XURÍDICAS

- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Artigo 21.1.s) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro do réxime xurídico do Sector Público.

RESOLUCIÓN:

Primeiro.- Aprobar as bases e a convocatoria que rexen para provisión en réxime laboral temporal de duración determinada por circunstancias da produción para a contratación de un/ha Traballador/a social a xornada completa durante dous meses.

Segundo.- Publicar as bases integramente no Boletín Oficial da Provincia de a Coruña, no taboleiro de edictos do Concello de Touro, no taboleiro de anuncios na sede electrónica e na páxina WEB do concello www.concellodetouro.com

Terceiro.- Dar traslado deste acordo ao Departamento de Secretaría-Intervención do Concello de Touro, dándolle conta ó Pleno da Corporación Local na primeira sesión ordinaria que teña lugar.

Touro, na data da sinatura dixital

Roberto Castro Rocamonde, alcalde-presidente

Dalmiro Núñez Méndez, secretario-interventor

BASES PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL, MEDIANTE CONCURSO, DUN/HA TRABALLADOR/A SOCIAL A XORNADA COMPLETA DURANTE 2 MESES.

1º.- OBXECTO

A Deputación provincial de A Coruña publicou as Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (plan único concellos) “pos+2023”. (BOP nº 228 de 01/12/2022).

O Pos+Adicional 1/2023, contempla o financiamento de gastos sociais extraordinarios.

O Concello de Touro presentou a súa solicitude de Pos+Adicional 1/2023, para os apartados A), B), C) e H), nas seguintes condicións:

A) Reforzo - ampliación de persoal técnico e/ou administrativo adscrito aos servizos sociais do concello, co fin de apoiar aos equipos actuais e/ou facilitar a tramitación urxente das prestacións obxecto deste plan e axilizar a atención social profesional necesaria en situacións de risco para persoas vulnerables.

B) Ampliación e dotación das partidas municipais destinadas a axudas de emerxencia ás persoas soas ou familias en risco de exclusión social.

C) Ampliar o servizo de axuda a domicilio en todas as súas modalidades, e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa, como rehabilitación, perruqueiría, podoloxía, comedor sobre rodas, etc.

F) Outras medidas sociais de carácter extraordinario que os servizos sociais das entidades locais consideren imprescindibles e urxentes para atender ás persoas especialmente vulnerables, e sexan debidamente xustificadas.

H) Axudas económicas para os gastos de consumo enerxético ás persoas consumidoras vulnerables.

Para a tramitación urxente das prestacións obxecto deste plan considérase necesario o reforzo de persoal de servizos sociais, que garanta unha xestión áxil das prestacións previstas, sobre todo, para os trámites relacionados co apartado h): axudas económicas para os gastos de consumo enerxético ás persoas consumidoras vulnerables, para o que se espera unha alta demanda por parte da poboación deste concello.

Posto que, a xestión das ditas prestacións requirirán dun informe técnico, considérase idóneo o perfil do/a traballador/a social como persoal a contratar.

Estas bases específicas teñen por obxecto a regulación do proceso de selección mediante concurso, dun/unha Traballador/a Social a xornada completa durante dous meses.

A contratación deste posto ven dada polo financiamento concedido por parte da Deputación provincial de A Coruña a través do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (plan único concellos) “pos+2023”. Pos+Adicional 1/2023.

A presente convocatoria e as bases, publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello de Touro, na páxina web www.concellodetouro.com e no boletín oficial da provincia de A Coruña; o resto de actos do proceso selectivo que deban ser obxecto de publicidade serán publicados no taboleiro de anuncios do Concello de Touro e na sede electrónica do Concello <https://sede.touro.gal>

2º.- CARACTERÍSTICAS DA PRAZA

a. Denominación da praza: Traballador/a social.

b. Grupo de titulación: Grupo 2

c. Outras Características:

- Xornada completa: 35 horas á semana
- Soldo bruto mensual (incluída a parte proporcional das pagas extras): 1.571,43 €/mes.

d. As funcións do posto de traballo serán as de apoio aos Servizos Sociais comunitarios municipais, especialmente, para a xestión do POS+ Adicional 1/2023. As tarefas a realizar serán as seguintes:

Detectar, coñecer e valorar as necesidades sociais e de recursos no municipio.

- Deseño e xestión de programas e proxectos de desenvolvemento social, particularmente, xestión do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (plan único concellos) “POS+ Adicional 1/2023”.
- Planificar e programar os recursos e servizos necesarios para atender os problemas e necesidades detectados.
- Coñecer, xestionar e promover os recursos existentes entre os seus potenciais usuarios
- Informar, asesorar, orientar e intervir para a resolución das situacións de necesidade e conflito.
- Xestión e tramitación administrativa de recursos e prestacións.
- Avaliación de problemas e derivación cando así o requira a situación.
- Previr a marxinação e axudar á integración de individuos, familias e grupos que o precisen.

3º.- SISTEMA SELECTIVO

O sistema selectivo será o de concurso de méritos.

4º.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES

Para participar no proceso selectivo, os aspirantes deberán reunir os requisitos que a continuación se indican segundo o establecido no artigo 56 do EBEP, referidos todos e cada un deles á data de remate do prazo de presentación de solicitude, debendo de continuar en posesión dos mesmos ata o momento da formalización do contrato.

a) Nacionalidade:

a.1) Ter a nacionalidade española.

a.2) Ser nacional dalgún dos estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún Estado en que, en virtude dos tratados internacionais realizados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

a.3) Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais doutros Estados membros da Unión Europea, e dos nacionais dalgún Estado ao cal, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estivesen separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de 21 anos ou maiores de dita idade dependentes.

b) Capacidade funcional: non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións. A condición de discapacitado e a súa compatibilidade acreditarase coa oportuna certificación. A/os aspirantes con discapacidade, farán constar na súa instancia se precisan adaptación para as probas e especificando tales adaptacións.

c) Idade: ter cumpridos 16 anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

d) Habilitación: non ter sido separada/o mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso a corpos ou escalas de persoal funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non encontrarse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

e) Posuír a titulación de Diplomado/a en Traballo Social ou equivalente no momento de finalizar o prazo de presentación de instancias.

f) Contar con permiso de conducir e vehículo propio e dispoñible para desprazamentos.

g) Coñecemento da lingua galega: CELGA 4.

Para darlle cumprimento á normalización do idioma galego na Administración Pública de Galicia e para garantir o dereito das administradas e dos administrados ao uso do galego nas relacións coa Administración pública no ámbito da Comunidade Autónoma, e a promoción do uso normal do galego por parte dos poderes públicos de Galicia, que determina o artigo 6º.3 da Lei de Normalización Lingüística, nas probas selectivas que se realicen para o acceso ás prazas da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades locais de Galicia incluírase un exame de galego, salvo para aqueles que acrediten o coñecemento da lingua galega conforme a normativa vixente.

Polo tanto, que non acredite o coñecemento do galego mediante a achega do CELGA 4, deberá superar unha proba de coñecemento da lingua galega que consistirá na tradución escrita (sen apoio documental, dicionario etc.) de castelán ao galego normativo, dun texto facilitado polo Tribunal. Este exercicio terá unha duración máxima de 30 minutos. Este exercicio terá unha cualificación de Apto/Non Apto, quedando exentos da realización deste aqueles aspirantes que acrediten a titulación de nivel Celga 4.

Esta proba será obrigatoria para aqueles que non podan acreditar o coñecemento da lingua galega a través dos certificados correspondentes.

5º.- SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

As solicitudes para participar no correspondente proceso selectivo haberán de axustarse ao modelo que figura como anexo II desta convocatoria, e poderán solicitarse nas propias oficinas do concello (Rúa Isabel II, 26 Fonte Díaz. 15822 Touro (A Coruña)) ou a través da sede electrónica do Concello.

As instancias poderán presentarse no prazo de 5 días hábiles contados a partir do seguinte ao de publicación das bases.

As solicitudes de participación deberá xuntárselles a seguinte documentación:

- a. Copia do DNI, pasaporte ou documento que o substitúa noutros estados membros da Unión Europea e do carné de conducir.
- b. Copia do título de diplomado/a universitario en traballo social ou equivalente.
- c. A instancia deberá ir acompañada da copia da documentación que acredite os méritos que a persoa aspirante desexe que se teñan en conta na fase de concurso, e que deberán posuírse no día de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

Non se terá en conta ningunha documentación que non fose aportada no momento de presentar a instancia.

6º.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará resolución, no prazo máximo de 1 mes, declarando aprobada a lista provisoria de admitida/os e excluída/os, con especificación do motivo da exclusión. Esta resolución publicarase no taboleiro de edictos da casa do Concello e na sede electrónica do Concello, sinalándose un prazo de dous (2) días hábiles contados a partires do seguinte ao da publicación da resolución para que os aspirantes excluídos poidan emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión.

No caso de non haber excluídos nin que precisen do trámite de emenda, ditarase unha soa resolución coa lista definitiva de aspirantes admitidos, composición do tribunal e data de constitución, lugar e hora de realización das probas.

Unha vez transcorrido o devandito prazo, o Alcalde ditará resolución definitiva, contra a cal se poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou poderase interpoñer directamente o recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de A Coruña, no prazo de dous meses, contados desde a mesma data, de conformidade co disposto no art. 8.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contenciosa administrativa. Nesta mesma resolución sinalarase o lugar e hora de realización das probas de oposición, a composición do tribunal cualificador e data de constitución.

O feito de figurar na relación de admitidos non prexulga que se lles recoñeza aos interesados a posesión dos requisitos esixidos no procedemento que se convoca. Cando da documentación que debe presentarse, no caso de superar o procedemento selectivo, se desprenda que non posúen algún dos requisitos, a/os interesada/os decaerán en todos os dereitos que puideran derivar da súa participación no procedemento.

Os datos persoais (nome, apelidos, dirección aos efectos de notificacións) dos candidata/os que participen no procedemento selectivo, serán utilizados unicamente para o fin do presente procedemento selectivo, e co fin de dar cumprimento ao principio de publicidade esixido na vixente lexislación.

7º.- TRIBUNAL CUALIFICADOR

O tribunal estará composto por cinco membros, con titulación igual ou superior á esixida para o acceso á praza convocada, un dos cales actuará coma presidente e outro como secretario do tribunal. A súa composición axustarase ao previsto no artigo 60 do estatuto básico do empregado público e buscarase a paridade entre a muller e o home. A súa composición nominal publicarase conxuntamente coa lista definitiva de admitidos e excluídos e a fixación da data do primeiro exercicio.

Os membros dos tribunais deberán absterse de intervir cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015. Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusar os membros do tribunal conforme ó artigo 24 de dita lei.

O tribunal non poderá constituírse, nin actuar sen a presenza, cando menos, de tres membros, titulares ou suplentes indistintamente. En todo caso requírese a presenza do/da Presidente/a e do/da Secretario/a ou dos que legalmente os substitúan.

O tribunal poderá dispoñer a incorporación de asesores especialistas para as probas en que así o estimen necesario ou convinte. Os ditos asesores actuarán con voz e sen voto e limitaranse ao exercicio das especialidades técnicas en base ás cales colaboran co tribunal.

Aos efectos de percepción de asistencias polos membros concorrentes ás sesións dos tribunais, estarase ao disposto no Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón de servizo.

O tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes, tódalas dúbidas e propostas que se produzan para a aplicación das normas contidas nestas bases, e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a realización das probas, así como adoptar as medidas necesarias para garantir a debida orde nas mesmas.

8º.- DESENVOLVEMENTO DO PROCESO SELECTIVO - CONCURSO

Os méritos dos aspirantes, valoraranse de acordo co baremo establecido nos apartados seguintes. O tribunal non poderá valorar o non alegado e probado polos aspirantes nos documentos achegados no momento de presentar a solicitude para a admisión ás probas selectivas.

A puntuación máxima que se poderá obter é de 100 puntos.

Os méritos a que se fai referencia neste baremo, deberanse posuír na data en que remate o prazo de presentación de instancias, computándose, en calquera caso, ata a devandita data, sendo valorados así mesmo, só os que se aleguen e xustifiquen documentalmente coa presentación da instancia.

Os méritos están establecidos tendo en conta as funcións e tarefas que a persoa seleccionada terá que realizar habitualmente no seu posto de traballo.

a. EXPERIENCIA PROFESIONAL: (Máximo 70 puntos)

- Experiencia profesional nos últimos quince anos como Traballador/a Social en Administracións Públicas, ata un máximo de 45 puntos. Valorarase a razón de 0,25 puntos por mes completo de servizos. Para acreditar estes traballos os interesados deberán presentar unha certificación da Administración de que se trate - excepto aqueles aspirantes que traballaron no Concello de Touro, os cales unicamente terán que facelo constar e non terán que presentar a certificación a que fai referencia este parágrafo-, onde conste o tempo traballado na categoría á que se opta, así como copia compulsada do nomeamento ou contrato de traballo suscrito para o efecto e modelo oficial de vida laboral. De non presentarse a citada documentación, ou si se presenta outra diferente á aquí referida, a cualificación nesta alínea será de 0 puntos.
- Experiencia profesional nos últimos quince anos como Traballador/a Social en entidades privadas, ata un máximo de 25 puntos. Valorarase a razón de 0,14 puntos por mes completo de servizos. Para acreditar estes traballos os interesados deberán presentar modelo oficial de vida laboral, onde conste o tempo traballado na categoría á que se opta, así como copia compulsada do contrato de traballo suscrito para o efecto. De non presentarse a citada documentación ou si se presenta outra diferente á aquí referida, a cualificación nesta alínea será de 0 puntos (Non se valorarán os méritos si os contratos non veñen acompañados da vida laboral ou si se presenta a vida laboral sen os contratos correspondentes).

b. ASISTENCIA A ACTIVIDADES FORMATIVAS. (Máximo 20 puntos).

Cursos relacionados coas funcións a desenvolver no posto de traballo, impartidos pola Administración Pública ou entidades delas dependentes ou homologados. Os cursos que, a xuízo do tribunal, non estean debidamente acreditados ou non teñan relación coas funcións propias do posto, non serán puntuados; non se valorarán os cursos que non especifiquen o número de horas.

Valorarase a razón de:

- Cursos de 20 a 49 horas: 0,50 puntos por curso.
- Cursos de 50 a 100 horas: 0,75 puntos por curso
- Cursos de máis de 100 horas: 1,00 puntos por curso

Este apartado xustificarse mediante copia do diploma ou certificación da asistencia. Non se valorarán aqueles nos que non veñan claramente especificadas as horas de duración ou haxa dúbidas sobre o contido do mesmo, nin aqueles que teñan unha antigüidade superior a quince anos.

c. COMPETENCIAS INFORMÁTICAS (Máximo 10 puntos).

Por participación en cursos, xornadas ou seminarios relativos a competencias informáticas.

Valorarase a razón de:

- Pola realización de formación sobre o manexo da aplicación informática do sistema de información de usuarios de servizos sociais (SIUSS): 2,5 puntos.
- Pola realización de formación sobre o manexo da Historia Social Única Electrónica (HSUE): 2,5 puntos.
- Pola realización de formación sobre o manexo do TEdC: 2,5 puntos
- Por acreditación de manexo de ferramentas informáticas de tratamento de texto: 2,5 puntos.

Este apartado xustificarse mediante diploma ou certificación da asistencia orixinal ou copia compulsada.

10º.- RELACIÓN DE APROBADOS

O resultado final do proceso virá determinado pola suma das puntuacións obtidas nos diferentes apartados da fase de concurso. No suposto de empate nas puntuacións de dous ou mais aspirantes, resolverase a favor do aspirante que obtivese a puntuación máis alta no apartado de experiencia profesional. De persistir o empate, resolverase acudindo á puntuación obtida no apartado de asistencia a actividades formativas e, se se mantén, o tribunal poderá realizar algunha proba oral complementaria para dirimir o empate.

Finalizado o proceso selectivo, o tribunal fará pública no taboleiro de anuncios do concello a relación definitiva dos aspirantes aprobados. O tribunal non poderá aprobar nin declarar que superaron as probas selectivas un número superior de aspirantes ao das prazas que se convocan, resultando nulo de pleno dereito calquera acordo que contraviñese o disposto por esta norma.

11º.- CONTRATACIÓN.

A alcaldía procederá a acordar a formalización do contrato correspondente coa persoa seleccionada.

12º.- IMPUGNACIÓN

Estas bases, a súa convocatoria e cantos actos administrativos deriven da mesma, así como as actuacións do Tribunal poderán ser impugnadas pola/os interesada/os nos casos e na forma establecidas na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 29/1998 de 13 de xullo reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

En Touro, 4 de outubro de 2023,

Roberto Castro Rocamonde, alcalde

ANEXO I (MODELO DE SOLICITUDE)**SOLICITUDE PARA PARTICIPAR NO PROCESO SELECTIVO DE PERSOAL LABORAL COMO TRABALLADOR/A SOCIAL A XORNADA COMPLETA DURANTE 2 MESES.**D./D.^a _____

DNI _____, con enderezo a efectos de notificación en _____

_____, teléfono _____, correo electrónico _____

EXPOÑO:

1. Que tiven coñecemento da convocatoria anunciada polo Concello de Touro para a contratación laboral que se indica.
2. Que coñezo e acepto as bases que rexen dita selección e que reúno os requisitos esixidos.
3. Que estou capacitado/a para o desempeño deste tipo de postos de traballo.
4. Que solicito ser incluído en dito proceso selectivo e para iso presento a seguinte documentación:
 - 1.- Fotocopia do DNI.
 - 2.- Fotocopia do carné de conducir.
 - 3.- Fotocopia do título académico.
 - 4.- No seu caso, acreditación do nivel de coñecemento do galego.
 - 5.- Fotocopia de tódolos documentos xustificativos dos méritos que se aleguen, pois non se tomarán en conta nin serán avaliados aqueles que non queden debidamente acreditados, en tódolos seus extremos no momento de presentación da instancia.

DECLARO baixo da miña responsabilidade:

- Non padecer enfermidade ou limitación física ou psíquica que impida o normal desenvolvemento das funcións do posto de traballo.
- Disposición de vehículo para realizar os desprazamentos propios das funcións do posto de traballo.
- Non ter sido separado/a, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións públicas, nin atoparse inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas.
- Non atoparse incurso/a en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.

Touro, _____ de _____ 2023

Sinatura:

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE TOURO

INFORMACIÓN DE PROTECCIÓN DE DATOS PARA SOLICITANTES DE EMPREGO

En cumprimento coa actual normativa de Protección de Datos de Carácter Persoal, procedemos a informarlle sobre o tratamento dos seus datos persoais.

1.- RESPONSABLE DE TRATAMENTO

O responsable de tratamento dos seus datos persoais é Concello de Touro, con dirección en rúa Isabel II, N°26, 15822 - TOURO (A Coruña); correo@concellodetouro.gal

2.- DPO: O Delegado de Protección de Datos do Concello de Touro é Servizos de Adaptación Continua en Protección de Datos RB, S.L. có que poderá contactar en correo@concellodetouro.gal

3.- FINALIDADE

O acceso á condición de persoal laboral de Concello de Touro efectuarase de conformidade coa Oferta de emprego público, mediante unha convocatoria Pública e a través de calquera sistema contemplado na normativa vixente, sexa concurso, concurso- oposición ou oposición libre, nos que se garantirá, en todo momento, o cumprimento dos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade.

4.- LEXITIMACIÓN

A base legal para o tratamento dos seus datos é o consentimento que nos outorga mediante a firma da solicitude.

5.- DESTINATARIOS DE CESIÓNS

O Concello de Touro proporciona un servizo de promoción de emprego, axudando a terceiras empresas e entidades a cubrir os seus procesos de selección. Por favor, marque as casas conforme ao consentimento que queira outorgarnos:

- Si, desexo participar en procesos de selección de terceiras empresas e/ou entidades coas que Concello de Touro colabore, polo que consinto que os datos do meu currículo sexan facilitados ás mesmas, coa finalidade única de participar nos seus procesos de selección.
- Non, unicamente desexo participar nos procesos de selección de Concello de Touro, polo que non consinto que os datos do meu currículo sexan facilitados a terceiras empresas.

6.- DEREITOS

Por último, informámoslle dos seus dereitos en materia de protección de datos.

- Dereito a solicitar o acceso aos seus datos persoais.
- Dereito a solicitar a súa rectificación ou supresión.
- Dereito a solicitar a limitación do seu tratamento, e a opoñerse ao tratamento
- Dereito á portabilidade dos datos

Para exercer os seus dereitos non ten máis que realizar unha solicitude por escrito e acompañala dunha copia do seu DNI.

O Concello de Touro dispón de formularios adecuados respecto diso. Non ten máis que solicitalos ou ben presentar o seu propio escrito nas dependencias de Concello de Touro, con dirección en rúa Isabel II, N°26, 15822 – Touro (A Coruña); correo@concellodetouro.gal

Polo exposto,

Para que podamos gardar o seu currículo e tratar os seus datos nos procesos de selección, necesitaremos outórguenos o seu consentimento. Para iso deberá cumprimentar e asinar o seguinte recadro:

NOME E APELIDOS _____

DNI _____

DATA E LUGAR _____

SINATURA _____

ANEXO II (RELACIÓN DETALLADA DOS MÉRITOS APORTADOS E ACREDITADOS)

EXPERIENCIA PROFESIONAL				
Servizos realizados como Traballor/a Social				
Categoría	Administracións públicas/Entidades privadas	Duración do contrato/ nomemaneito	Data inicio	Data remate

FORMACIÓN		
Denominación	Centro de impartición	Duración /nº de horas

Data:

O/A solicitante

Asdo:

2023/7918